



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 2

Servizos de asesoramento, xestión e substitución destinados ás explotacións agrícolas

Submedida 2.3

Apoio á formación de asesores



Índice

<u>1. Medida 2. Servizos de asesoramento, xestión e substitución destinados ás explotacións agrícolas</u>	2
<u>1.1. Submedida 2.3 Apoio á formación de asesores</u>	2
<u>1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?</u>	2
<u>1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?</u>	3
<u>1.1.3. Como se outorga a axuda?</u>	3
<u>1.1.4. Que tipo de gastos se financian?</u>	3
<u>1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u>	3
<u>1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?</u>	3
<u>1.1.7. A canto ascende esta axuda?</u>	4
<u>1.1.8. Quen xestiona esta axuda?</u>	4
<u>1.1.9. Marco normativo</u>	4
<u>1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados</u>	4

1. Medida 2. Servizos de asesoramento, xestión e substitución destinados ás explotacións agrícolas

Con esta medida preténdese apoiar proxectos de asesoramento especializado e garantir o transvasamento de información desde os centros de coñecemento, investigación e desenvolvemento ata o medio rural. Preténdese, por tanto, levar a innovación ao sector agroalimentario e forestal galego e, con iso, mellorar a súa competitividade.

Dados os obxectivos transversais aos que contribúe esta medida de fomento da innovación, adaptación ao cambio climático e conservación do medio ambiente, os servizos de asesoramento deben incluír explicitamente aspectos relacionados coa mitigación e adaptación ao cambio climático. En concreto, e dependendo do tipo de explotación, deberase asesorar en temas como: captura de carbono, loita contra a erosión, uso eficiente da enerxía e da auga, conservación da biodiversidade e protección do solo.

Esta axuda desenvolverase a través de tres submedidas:

- ✓ Submedida 2.1 Apoio para contribuír á obtención de servizos de asesoramento
- ✓ Submedida 2.2 Apoio para o establecemento de servizos de xestión, substitución e asesoramento agrícola e de servizos de asesoramento forestal
- ✓ Submedida 2.3 Apoio á formación de asesores

1.1. Submedida 2.3 Apoio á formación de asesores

O obxectivo desta submedida é a formación de asesores para facilitar que as entidades seleccionadas para prestar servizos de asesoramento dispoñan de recursos adecuados en termos de persoal cualificado, con formación periódica e de experiencia e fiabilidade en materia de asesoramento nos ámbitos nos que presten o servizo. Os destinatarios finais da formación serán o persoal técnico das entidades de asesoramento recoñecidas e persoal da propia Administración.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

No marco desta medida fináncianse actividades formativas destinadas ao persoal técnico das entidades de asesoramento recoñecidas e ao persoal da propia Administración. O formato destas accións pode ser variado: cursos teórico-prácticos, seminarios, sesións informativas, talleres, accións de demostración, información e divulgación, campañas de divulgación e concienciación, visitas formativas, deseño, edición e publicación de material didáctico e informativo.

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

A beneficiaria da axuda poderá ser a Administración, que orientará as iniciativas formativas cara ás súas propias unidades de xestión e/ou a outras unidades con capacidade docente, como universidades, colexios profesionais, escolas superiores, organizacións profesionais, etc.

1.1.3. Como se outorga a axuda?

A execución desta submedida realizarase a través de investimento directo para as iniciativas organizadas directamente pola administración autonómica ou a través da tramitación de contratos públicos.

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Custos derivados da realización de actividades formativas destinadas á cualificación do persoal que preste servizos de asesoramento, incluíndo gastos de profesorado e coordinación e gastos xerais (material didáctico, material de prácticas, viaxes de prácticas ou divulgativos).

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

A entidade que preste os servizos deberá contar con recursos e persoal cualificado, ademais de recoller nun plan, a metodoloxía a seguir en función da tipoloxía, orientación produtiva e dimensión das explotacións ás que asesorará.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria, mesmo nos casos en que o orzamento da convocatoria sexa superior á demanda de financiamento. Os criterios de selección deberán estar claramente definidos antes do inicio do proceso de solicitude para garantir a igualdade de trato de todos os posibles solicitantes. En xeral, para cada criterio de selección outórganse puntos e a puntuación total da aplicación debe ser a suma dos puntos de todos os criterios de selección que se satisfagan.

Os criterios establecidos poderán referirse a:

- ✓ Dispoñibilidade de persoal propio ou en réxime de colaboración para a impartición das actividades formativas
- ✓ Tipoloxía da actividade formativa e natureza das materias a impartir
- ✓ Recursos dispoñibles para a impartición (aulas, medios informáticos, equipos,...)
- ✓ Localización

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

A intensidade da axuda será dun 100% do gasto subvencionable. A axuda concederáse por unha duración máxima de tres anos, cun importe máximo anual elixible de 70.000€, non podendo superar os 200.000€ en total.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural.

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
- ✓ Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que trasponse ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.2.3.3 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020